

# El Progreso

## Galiciae

# Marica Campo xa é o nome dun souto

---

Etiquetas: premios y distinciones, literatura, Marica Campo, O Incio

El Progreso (O Incio). A poeta e narradora [Marica Campo](#) recibiu este sábado na súa terra, no Incio, unha calorosa homenaxe da man dos seus colegas da [Asociación de Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#).

No acto descubriuse unha praca conmemorativa e que serve para darlle o nome de Marica Campo a un souto.

Ante numerosas persoas a autora recibiu do colectivo a Letra E (de escritor), acto no que reivindicou o uso do galego.

15/06/2013